

COPLAS MAIOS 1º E 2º EP

Somos primeiro e segundo
queremos hoxe cantar
unhas fermosas copliñas
que ides todos a gozar.

Para facer este maio
tivemos que ir buscar
o fiuncho máis as flores
polas leiras de Ardán.

Ailalelo, ailalelo,
ailalelo, alalá.
O fiuncho máis as flores
polas leiras de Ardán



Este curso coa Covid
lavamos sempre as mans,
e as máscaras tamén postas
así estamos todos sans.

Aprendimos xa as letras
tamén restar e sumar,
repasamos coas tablets
que ledicia traballar!

Ailalelo, ailalelo,
ailalelo, alalá.
Repasamos coas tablets
que ledicia traballar!



